

Vai para seis anos que participei na obra colectiva “Palabras da Terra”, editada para fomentar o uso da lingua galega na etiquetaxe. Decía entón que viviamos momento de cambio no complexo e diverso mundo do viño que son fiel reflexo das transformacións que se están a producir no contexto político de Galicia. O certo é que aquela apreciación segue tendo vixencia hoxe.

Aquelas impresións miñas estaban no certo. Os viños galegos precisan do estímulo institucional para afortalar un sector económico decisivo no noso País, que é un dos fundamentais para fixar poboación no rural. As estruturas agrarias precisan de grandes transformacións. E a nosa, en particular. Por iso este tipo de iniciativas de poñer en valor os nosos viños, de mellorar a súa imaxe perante a opinión pública, que é o mesmo que abri-llelas portas aos mercados, son de agradecer.

Como Presidente do Consello Regulador do Ribeiro congratúlome que a Adega Virmadeus, forme parte desa amplísima nómina de adegueiros que apostan pola utilización da lingua galega para reforzar os nosos sinais culturais no ámbito socioeconómico

Sentímonos herdeiros da Unión de Colleiteiros do Ribeiro do Avia, a UCRA, que en 1934 se deu a coñecer cun programa revolucionario para aquel entón. Pretendían os seus mentores loitar contra as adulteracións que tanto mal lle fan á denominación de orixe, e preparar actos que mellorasen a imaxe dos viños do Ribeiro, como este que estamos a celebrar hoxe aquí.

Quero lembrar que se somos debedores da imaxinación e decisións dos homes que formaron a UCRA, tamén o somos dos que no ano 1925 participaron no 1º Congreso de Economía de Galicia celebrado en Lugo. Porque foi ali

onde tamén se aprobou un relatorio instando ao Goberno a tomar medidas que reactivasen a economía vinícola do Ribeiro, creando o instituto enolóxico que velase pola calidade dos nosos viños. Unha institución que foi creada, tal e como pedía o Congreso 75 anos despois!!!

Os meus parabéns para o Foro E. Peinador e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística que organizaron este acto e para a Adega Virmadeus.

Apostar por Galicia sempre é un síntoma de intelixencia, que sei que aquí nesta adega ten acubillo, protección e cultivo.